

## [Gal/Cast] CIG alerta sobre "risco de exclusom social de milhares de galegos e galegas"

---

CIG :: 04/07/2012

CIG alerta sobre el "riesgo de exclusión social de miles de galegos y galegas"

**Galego** A CIG considera que os datos do paro do mes de xuño en Galiza, con 269.203 desempregados/as, provocan calafríos e que resulta "bochornoso" que se faga unha lectura triunfalista dun descenso puramente estacional de só o 2,68% con respecto a maio, un total de 7.405 persoas. Máis cando esa diminución é inferior á do mesmo mes de 2011 e con diferenza inferior á dos peores anos da crise, 2009 e 2010. Os datos son máis indignantes cando o incremento do paro, respecto do mesmo mes do ano pasado, é do 15,26% e cando a metade dos desempregados/as con dereito a prestación están cobrando xa subsidios, o que incrementa o risco de exclusión social. Para o secretario confederal de Emprego, Antonio López Rivera, é especialmente grave que o 92,21% dos contratos asinados no mes de xuño sexan de carácter temporal. "Constata un nivel de eventualidade e, polo tanto, de precariedade laboral terríbel, evidencia o carácter estacional da contratación e demostra o absoluto fracaso das sucesivas reformas laborais". Sendo isto de especial preocupación para a central sindical, aínda o é máis que de practicamente 270.000 persoas desempregadas, só 159.876 estean percibindo algún tipo de prestación e que destas, a metade estean xa cobrando subsidios. Ante isto, López Rivera alerta de que coas políticas económicas que se están a adoptar, "abócase a miles de persoas á exclusión social". Por iso, fronte os recortes, demanda a inmediata adopción de medidas que impidan que se chegue a esa situación, desde o incremento do investimento público, para pór en marcha políticas que favorezan realmente a creación de emprego, até a ampliación do período de cobertura por desemprego. Xunto a isto, o secretario confederal de Emprego alerta da situación na que se atopa a provincia de Pontevedra, onde o número de desempregadas e desempregados xa está en 106.223 persoas, cifra que vincula á situación do sector do automóbil e ao deterioro do sector naval. Por iso, exige que a Xunta de Galiza actúe como verdadeiro goberno deste país e impida o desmantelamento destes sectores. **Castellano** A CIG considera que os datos do paro do mes de xuño en Galiza, con 269.203 desempregados/as, provocan calafríos e que resulta "bochornoso" que se faga unha lectura triunfalista dun descenso puramente estacional de só o 2,68% con respecto a maio, un total de 7.405 persoas. Máis cando esa diminución é inferior á do mesmo mes de 2011 e con diferenza inferior á dos peores anos da crise, 2009 e 2010. Os datos son máis indignantes cando o incremento do paro, respecto do mesmo mes do ano pasado, é do 15,26% e cando a metade dos desempregados/as con dereito a prestación están cobrando xa subsidios, o que incrementa o risco de exclusión social. Para o secretario confederal de Emprego, Antonio López Rivera, é especialmente grave que o 92,21% dos contratos asinados no mes de xuño sexan de carácter temporal. "Constata un nivel de eventualidade e, polo tanto, de precariedade laboral terríbel, evidencia o carácter estacional da contratación e demostra o absoluto fracaso das sucesivas reformas laborais". Sendo isto de especial preocupación para a central sindical, aínda o é máis que de practicamente 270.000 persoas desempregadas, só 159.876 estean percibindo algún tipo de prestación e que destas, a metade estean xa cobrando subsidios. Ante isto, López Rivera alerta de que coas políticas económicas que se están a adoptar, "abócase a

miles de persoas á exclusión social". Por iso, fronte os recortes, demanda a inmediata adopción de medidas que impidan que se chegue a esa situación, desde o incremento do investimento público, para pór en marcha políticas que favorezan realmente a creación de emprego, até a ampliación do período de cobertura por desemprego. Xunto a isto, o secretario confederal de Emprego alerta da situación na que se atopa a provincia de Pontevedra, onde o número de desempregadas e desempregados xa está en 106.223 persoas, cifra que vincula á situación do sector do automóbil e ao deterioro do sector naval. Por iso, exige que a Xunta de Galiza actúe como verdadeiro goberno deste país e impida o desmantelamento destes sectores.

---

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-cig-alerta-sobre-risco-de-exclu>